[ESTUDO COMPARADO:
MOVEMENTOS E REDES]

Xoán Hermida González

ÍNDICE

ESTRUTURAS DE MOBILIZACIÓN DO MOVEMENTO SOCIAL GALEGO 5

1. REDES E ALIANZAS TRANSVERSAIS. PARTICIPACIÓN NUMÉRICA E COOPERACIÓN 6

1.1. Redes e alianzas. Composición e participación 6

1.2. Transversalidade e cooperación 10

2. TEMPORALIDADE, ESPACIALIDADE E MASA CRÍTICA 14

2.1. Temporalidade e espacialidade 15

2.2. Capacidade de Influencia e Incidencia 17

3. PARÁMETROS DA EVOLUCIÓN ORGANIZACIONAL 18

3.1. Infraestrutura de mobilidade dos movementos sociais galegos 18

3.2. Paradigmas dos movementos sociais galegos 20

4. CUALIFICACIÓN E VARIEDADE DAS ESTRUTURAS DE MOBILIZACIÓN 21

4.1. Tipoloxías das organizacións sociais galegas 22

4.2. Area temática e/ou Ideolóxica das organizacións sociais galegas 23

ANEXOS

ORGANIZACIÓNS E REDES (MOVEMENTOS SOCIAIS 2002/2012) I

ALIANZAS E FEDERACIÓNS (REDES CORPORATIVAS) VII

COMPOSICIÓN DO CONSELLO DO FSGal XVI

ESTRUTURAS DE MOBILIZACIÓN DO MOVEMENTO SOCIAL GALEGO

Na década de 1990 comeza a iniciarse un proceso de nacemento de novas organizacións sociais e de evolución das existentes cara a posicións que poderiamos definir como altermundistas e de empoderamento, fronte ás estruturas partidarias que chegaran ao seu esplendor na década 2002-2012, autentico período do flore-cemento do movementismo en Galicia.

No libro *Galicia no labirinto da nova política* fixemos unha análise do contexto político en que se dá este proceso, e tivemos ocasión de facer un percorrido do movemento altermundista desde os preparativos do I FSGal ata o xurdimento de AGE.

Agora imos deternos no estudo comparado das estruturas de mobilización, as súas características en canto a temporalidade, espacialidade e masa crítica; os parámetros da súa evolución organizacional e as súas tipoloxías e áreas temáticas e/ou ideolóxicas.

Tendo en conta a excepcionalidade da plataforma Nunca Máis polo grao de implicación antes mencionado, tanto na incorporación de grupos "non habituais" como mesmo no xurdimento de colectivos de oportunidade, creados en función da cuestión concreta —neste caso a catástrofe do *Prestige* ou a falla de reacción das autoridades—, imos analizar por unha banda as 558 organizacións no seu conxunto (519, se exceptuamos colectivos empresariais ou institucións, e un grupo sen datos) e, por outra banda, a das 98 organizacións (96, se exceptuamos dúas non clasificables) que actuaron en dúas ou máis redes, pois neste último caso achegarán un retrato máis fiel do sistema de movementos sociais cos que contamos en Galicia[1].

Tamén poderemos ver os seus procesos relacionais e como se vertebran en alianzas e redes corporativas e transversais.

Anexos con relacións nominais dos actores colectivos e individuais e tres completas cartografías do asociacionismo galego, do SMO (Social Movement Organization) galego , e das Redes compilan toda a información precisa ao respecto.

---

1 Para conformar esta visión global do movementismo en Galicia combínanse datos cuantitativos obtidos directamente (solicitude ás organizacións e enquisas personalizadas) ou indirectamente (datos oficiais publicados), complementados con datos cualitativos recollido en xuntanzas de grupos de enfoque (***focus group***).

O desenvolvemento empírico do mesmo faise sobre unha análise de 560 organizacións, colectivos, institucións e mesmo empresas que aparecen ligadas a diferentes redes vertebradas desde 2002 a 2012. Esas 560 organizacións e colectivos son as que participaron en diferentes redes desde Nunca Máis (NM), constituída no 2002 ata a Alianza Social Galega (2012).

Analizáronse ademais os datos de **210 persoas participantes**, sobre as que se compila información, e dunha **enquisa personalizada a 108 persoas**, coas que se conta información de que participaron no I FSGal, e que representarían un universo do 35% dos participantes nos seminarios e debates, e practicamente o total do núcleo central de representación do mesmo.

1. REDES E ALIANZAS TRANSVERSAIS. PARTICIPACIÓN NUMÉRICA E COOPERACIÓN

1.1 Redes e Alianzas. Composición e Participación

O 25 de novembro de 2002 constituíase en Santiago de Compostela a plataforma Burla Negra, con persoas da cultura e das artes. Dous días despois era presentada no Centro Galego de Madrid a plataforma Nunca Máis, con Uxía Senlle e Manuel Rivas de portavoces.

O 1 de decembro celébrase en Santiago de Compostela a maior manifestación en Galicia da historia contemporánea (250.000 persoas) apoiada por unha plataforma artellada arredor de 366 colectivos e organizacións políticas e sociais, pero tamén sectores económicos afectados e colectivos de ANPAS, deportivos ou culturais moi reticentes a aliarse en redes transversais máis amplas que os seus intereses corporativos.

Na plataforma **Nunca Máis (NM)** participaron 366 organizacións e colectivos; 337 se excluímos participantes que non poden ser considerados como tales, como é o caso de 22 empresas (a maioría confrarías de pescadores) e 7 institucións que se sumaron á mesma. Tampouco existe datos ningúns sobre un total de 6 organizacións que seguramente tiveron unha existencia fugaz ou non se chegaron a constituír formalmente.

Ademais a catástrofe do *Prestige* tivo un impacto moi importante psicoloxicamente na poboación, o que contribuíu a que se creasen "colectivos de oportunidade" ligados á catástrofe e ao conflito. Ata un total de 17 colectivos destas características incorporáronse a Nunca Máis. Tres deles actuando como estruturas sectoriais do propio movemento na educación (Area Negra), na xudicatura (Xustiza Negra) e na Cultura (Burla Negra) tal como Víctor Sampedro comenta no Anuario de Movementos Sociais 2003[2]:

> A composición de NM revela que atravesou as fronteiras sociolóxicas do campo e a cidade, filiacións políticas (mesmo membros do PP participaron nun inicio), rompendo barreiras xeracionais e sectores profesionais (cos seus colectivos de educación -Area Negra-, profesionais do Dereito —Xustiza Negra—, as artes —Burla Negra—, …)

Na **Coordinadora Galega pola Paz (CGpP)**, impulsada para a mobilización global contra a guerra en Iraq xuntáronse 29 organizacións ou federacións como a de cooperación internacional (CGONGD) e a de ecoloxismo (FEG), asemade participou un 'colectivo de oportunidade' constituído por estudantes árabes afincados en Galicia (Unión de Estudantes Árabes). Participaron tamén

2 Sampedro Blanco, Víctor (2004): "Nunca Máis: la marea, el dique y el búnker", en Grau Elena y Ibarra, Pedro (Coord.): *Anuario de Movimientos Sociales 2003*; Editorial Icaria; Barcelona; p 180.

os partidos da oposición (BNG, EU e PSdeG-PSOE). A única organización de temática especificamente pacifista foi o Seminario Galego de Educación para a Paz (SGEP), participando tamén o grupo de obxección fiscal e antimilitarista (Grupo de Obxección Fiscal Galega) e a Fundación Araguaney debido obviamente á localización do conflito.

A Coordinadora Galega polo Paz (CGpP) tivo un papel central na mobilización contra a guerra de Iraq do 15 de febreiro de 2003, convertida na mobilización global coordinada máis importante da historia, sacando a miles de persoas á rúa nas cidades galegas. Anos despois durante a intervención da OTAN en Libia (2011) non foi quen de mobilizar máis que uns centos de persoas en Compostela, A Coruña e Vigo.

A **Rede Galiza Non Se Vende (GNSV)** é outra das grandes alianzas que se fragua á calor do descontento coas actuacións sobre o territorio do Goberno bipartito de progreso. O seu nacemento en 2007 coincide con plataformas existentes por conflitos xa enquistados como Comité Cidadán de Emerxencia para a Ría de Ferrol (Reganosa), SOS Courel ou Salvemos Monteferro; aos que se engadiron novos relacionados coa situación das rías, ríos, megaminaría ou Plano Acuícola. A súa capacidade de mobilización en 2007-2009 ten moito que ver con estas agresións ao patrimonio natural e unha alianza ata ese momento imposible entre un movemento ecoloxista dinámico pero minoritario e uns colectivos de afectados puntualmente masivos. Nela participaron un total de 58 colectivos.

Ao longo do 2008, durante o proceso preparatorio do acto do FSGal, xorden dúas plataformas relacionadas cos temas de dereito a alimentación. Na **Plataforma Galega Antitranxénicos (PGA)** xoga un papel central o Sindicato Labrego Galego (SLG) e os grupos ecoloxistas, moi especialmente Amigos da Terra. Confórmana 55 colectivos e organizacións, unha de oportunidade (info-transxénicos Tui) e tres non clasificables como movemento social (2 empresas —A Estruga/Tenda Ecoenvia— e 1 institución —Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia CRAEGA).

Pola súa parte a **Iniciativa pola Soberanía Alimentar (ISAP)** constitúese seguindo a campaña internacional auspiciada pola Vía Campesiña e que no Estado e en Galicia impulsa Veterinarios Sen Fronteiras, ao que se suma o SLG e grupos ecoloxistas e de consumo responsable. Confórmano un total de 10 colectivos e organizacións.

No acto do primeiro **Foro Social Galego (FSGal)**, celebrado entre o 5 e o 7 de decembro de 2008 en Santiago de Compostela, participaron un total de 91 colectivos, 4 institucións, 6 forzas partidarias e 81 colectivos sociais propiamente ditos. A maioría deles xa participarán na Asemblea de Movementos Sociais Galegos preparatoria (26 de xaneiro de 2008), aínda que participación de persoas pasou na primeira cita de preto de 200 persoas a máis de 600 que asistiron ás mesas redondas (300 na asemblea de movementos).

A **Rede Anticapitalista Galega (Ra!)** nace do propio debate do plenario do I FSGal, promovida por cinco dos grupos máis activos do movementismo galego desta década — Amarante, Altermundo, Sindicato Labrego Galego, Verdegaia e Veterinarios sen Fronteiras— co obxectivo de asentar unha alianza estable de acción. Composto por 29 colectivos e organizacións, na súa maioría participantes do FSGal, logrou incorporar a colectivos de carácter libertario ou arredistas desconfiados das dinámicas do altermundismo galego.

Como epilogo de todo este proceso de construción de redes e alianzas van xurdir, primeiro, o Encontro Social Galego (ESG) e, posteriormente, a Alianza Social Galega (ASG).

O **Encontro Social Galego (ESG)**, promovido pola Iniciativa BenComún, celebra un único foro a finais do 2011 coa participación de 28 colectivos e organizacións, habituais do movementismo ao que se suma algúns dos espazos de participación xurdidos do 15-M.

A **Alianza Social Galega (ASG)**, conformada por 61 colectivos e organizacións (1 non clasificable como organización social —Confraría de Pescadores de Poboa do Caramiñal), nace en 2012 da unidade de acción das tres grandes centrais sindicais, UGT, CCOO e CIG, conformada por moitas das súas organizacións culturais periféricas e como resposta á situación de alarma social e tamén como resposta á iniciativa do 15-M. Esta alianza funcionara esporadicamente en función dos intereses das estratexias sindicais.

Ademais destas alianzas e redes transversais existe unha serie de alianzas ou federacións corporativas que veñen funcionando de xeito regular e que, en moitos casos, participan como un colectivo máis nas mesmas.

- Alianzas e Federacións Corporativas

Ata 14 son as alianzas e Federacións de carácter corporativo que funcionan de xeito estable e participan como tal nas redes e alianzas transversais que se van artellando.

A **Confederación Galega de Asociacións Veciñais (COGAVE)** engloba a 11 federacións de veciños. A máis representativa, a Federación viguesa Eduardo Chao. Agrupa ás máis numerosas e ás das grandes vila, aínda que nos últimos tempos en cidades coma Pontevedra as tensións partidarias e as presións exercidas desde o concello fixeron que se dividan en ata tres federacións, tantas como partidos na corporación.

A **Confederación de Asociacións de Pais e Nais de Alumnos (CONFAPA)** composta polas 4 federacións provinciais das ANPA de escola pública suman ata 360 entidades.

A Coordinadora de Crentes Galegos que engloba aos sectores teolóxicos vinculados ao Concilio Vaticano II e á Teoloxía da Liberación, ademais de incorporar na súa misión o carácter galeguizador da Igrexa. Está composta por 15 colectivos.

A **Coordinadora Galega de ONGD (CGONGD)** axunta a unha parte das 300 ONGD que actúan en Galicia. Pasaron por ela 62 organizacións aínda que 17 desapareceron ou deixaron a CGONGD, En 2012 estaba conformada por 45 ONGD.

A **Federación de Cooperativas Sinerxía,** composta por 4 organizacións, 3 federacións e 1 cooperativa de consumo, que reúnen a 147 cooperativas.

A **Federación Ecoloxista Galega (FEG)**, inicialmente era unha Asemblea de Grupos Ecoloxistas e Naturistas (AGENG). Chegou a estar formada por 34 organizacións cando máis auxe tivo, 16 organizacións desapareceron ou deixaron a FEG. En 2012 eran 18 organizacións.

A **Federación Galega de Medio Ambiente**. Federación de grupos ecoloxistas, composta por 30 colectivos, de dubidosa existencia, máis aló da xestión de proxectos subvencionados —mesmo no seu día foi denunciado pola consellería de Medio Ambiente como organizacións de recadación de fondos ligados a Unións Agrarias.

O **Foro Galego de Inmigración** composta por 91 colectivos moi plurais, a súa maioría de asistencia e de inmigrantes latinoamericanos.

A **Iniciativa Galega pola Memoria** que asocia a 46 colectivos centrados na recuperación da memoria histórica das vítimas do golpe de estado de 1936 e a prol da reivindicación da II república.

A **Marcha Mundial das Mulleres (MMM)** que suma 31 colectivos feministas, de organismos sociais, departamentos e secretarías de organizacións sindicais e departamentos e secretarías de partidos políticos.

A **Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (ORGACCMM)** que vencella 22 federacións territoriais.

A **Plataforma pola Defensa da Sanidade Pública - SOS Sanidade Pública** composta por 24 plataformas e organizacións. Existe desde inicio da década dos oitenta como **Plataforma Galega pola Sanidade Pública**, formada pola Asociación Galega para a Defensa da Sanidade Pública e as Plataformas de defensa da Sanidade Pública nas áreas sanitarias. Transformouse en SOS Sanidade Pública coa incorporación de organizacións veciñais, políticas e sindicais diante da ameaza de privatización da sanidade. O seu acto (re)fundacional foi a manifestación en defensa da sanidade pública que xuntou o 21 de novembro de 2010 a 25.000 persoas.

A **RDS A Coruña (Rede de Dereitos Sociais)** que integra a 9 colectivos.

A **Rede Galega de Consumo Responsable e Consciente** tivo o seu precedente na Rede Xusta (de Comercio Xusto) onde estaba Amarante, A Cova da Terra, Panxea e Amigos da Terra. En 2012 estaba composta por 13 colectivos pero con escasa actividade.

Ademais existe nos **Centros Sociais** unha rede con dous polos ideolóxicos: o arredista-reintegracionista e o autoxestionario-libertario que non conforman unha alianza ou federación pero configuran unha rede de apoio recoñecible.

1.2. Transversalidade e Cooperación

Estamos a falar durante o período 2002-2012 de nove alianzas e redes transversais —Nunca Máis (2002), Coordinadora Galega pola Paz (2003), Galiza Non se Vende (2005), Foro Social Galego (2008), Plataforma Galega Antitransxénicos (2008), Iniciativa pola Soberanía Alimentar (2008), Rede Anticapitalista (2009), Encontro Social Galego (2011) e Alianza Social Galega (2012)—, en que participaron 560 colectivos e organizacións, dos que 98 actúan en máis dunha delas, e que nalgúns casos tiveron unha capacidade de mobilización moi por riba das da nosa contorna xeográfica.

Das 519 organizacións que aparecen durante a década 2002-2012 nas diversas alianzas e redes transversais (deixaremos fóra ás 24 empresas, ás 11 institucións e aos 6 colectivos dos que se perde o rastro) analizaremos en profundidade as 96 que participan nas Redes e Alianzas en máis de unha ocasión entendendo que son estas últimas as que conforman o que podería ser os SMO (Social Movement Organization).

A análise da participación numérica en redes e a súa composición, así como a análise de temática, ámbito, infraestrutura de mobilidade, tipoloxía e paradigma, daranos unha radiografía moi aproximada da situación dos movementos sociais en Galicia.

Entre as 96 organizacións existen 12 redes corporativas, 11 das cales son de ámbito galego (Confederación Galega de Asociacións Veciñais COGAVE, Confederación Galega de APAS de Centros Públicos CONFAPA-Galicia, Coordinadora de Crentes Galegos, Coordinadora Galega de ONGD, Federación de Cooperativas Sinerxía, Federación Ecoloxista Galega, Foro da Inmigración, Marcha Mundial das Mulleres, Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común ORGACCMM, Rede Galega de Consumo Responsable e Consciente, Plataforma pola Defensa da Sanidade Pública - SOS Sanidade Pública) e 1 local (Rede Dereitos Sociais de A Coruña RDS).

Un total de 58 organizacións e colectivos participaron en dúas redes:

Confederación Galega de Asociacións Veciñais COGAVE
Confederación Galega de APAS de Centros Públicos (CONFAPA-Galicia)

ACPP (Asemblea de Cooperación pola Paz)
Acsur Galiza
Asociación Cultural WIPALA
OSPAAAL (Organización Solidaria cos Pobos de Asia, África e América Latina)
Sinerxía (Asociación de Solidariedade co Pobo Saharauí de Lugo)
Enxeñería Sen Fronteiras Galicia
InteRed Galicia
Intermón Oxfam
Cooperativa de Consumo Consciente Arbore
O Bandullo Ecolóxico
Panxea
Rede Galega de Consumo Responsable e Consciente
Semente Asociación de Consumo Responsable
Asociación Cultural Xermolos de Guitiriz
Ateneo Ferrolán
Colectivo Arraianos
A Mesa pola Normalización Lingüística
Ciberirmandade da Fala
Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña
Fundación 10 de Marzo
Fundación Galiza Sempre
Fundación Sen Esquencer
Xustiza e Sociedade Xudicatura
Asociación preSOS Galiza
Rede de Dereitos Sociais da Coruña (RDS)
Emaus Fundación Social
Médicos do Mundo – Galicia
Plataforma pola Defensa da Sanidade Pública - SOS Sanidade Pública
Asociación de Mulleres Recandea do Castiñeiriño
Marcha Mundial das Mulleres
Mulleres Cristiás Galegas
Centro Social A Baiuca Vermelha
Centro Social A Esmorga

Centro Social A Revolta
Sociedade Cultural Madia Leva!
Asociación Galega de Apicultura (AGA)
Unións Agrarias
Federación de Cooperativas Sinerxía
Asociación Galega de Historiadores/as (AGH)
Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia
Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (ORGACCMM)
Asociación para a defensa do Parque Rosalía de Castro de Lugo
Plataforma en defensa da Ría de Ribadeo
Plataforma Medioambiental de Corrubedo
Salvemos Monteferro
SOS Courel
ADENCO
Asemblea do Suído
Greenpeace
Sociedade Galega de Educación Ambiental (SGEA)
Bloque Nacionalista Galego
Partido Comunista de Galicia
Partido Revolucionario dos Traballadores-Esquerda Revolucionaria
Xuventude Comunista
Xuventudes Socialistas de Galicia

Un total de 38 colectivos e organizacións participaron en máis de tres redes converténdose así no núcleo estable do movementismo galego. Delas 20 participaron en 3 redes:

Altermundo
Fuga Em Rede (Colectivo Galego de Acción Global)
Implicadas no Desenvolvemento
A Cova da Terra
Asociación de Interese Solidario O Peto
Cooperativa de Consumo Responsable Eirado

Véspera de Nada
Redes Escarlata
Asociación Socio-Pedagóxica Galega
Asociación Cultura Caleidoskopio
ATTAC XEG Galicia
Colectivo Ártabra 21
Foro Galego de Inmigración
CIG – Servizos
Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños – CEMMA
Comité Cidadán de Emerxencia para a Ría de Ferrol
ERVA
Fundación Galicia Verde
Esquerda Unida
Galiza Nova

Das 18 organizacións que participaron en máis de 4 redes forman parte as tres centrais sindicais maioritarias (CCOO., CIG e UGT) e dúas sectoriais determinantes (SLG e STEG); a Coordinadora Galega de ONGD do movemento de solidariedade; a practica totalidade do movemento ecoloxista organizado (a rede de grupos Federación Ecoloxista Galega; e as tres principais organizacións con extensión territorial —ADEGA, Amigos da Terra e Verdegaia).

Delas 12 organizacións fano en 4 redes:

Comités Abertos
Coordinadora Galega de ONGD
Veterinarios Sen Fronteiras
Nova Escola Galega
Asociación Cultural pola Rexeneración da Esquerda Fuco Buxán
Associaçom Cultural A Gentalha do Pichel
Coordinadora de Crentes Galegos
Confederación Intersindical Galega
Sindicato Nacional das CCOO. de Galicia
UGT-Galicia
Amigos da Terra

E 6 organizacións, centrais á hora de manter a continuidade do movemento, fano en máis de 5 redes. Todas elas teñen en común o seu carácter galego en canto a súa vertebración orgánica e a súa formulación política pero a súa vez cinco representan unha nova formulación de proxectismo nacional (non nacionalista) que non lles impide relacionarse ou coordinarse transfronteirizamente: Amarante con Setem, SLG coa COAG, o STEG coa STEA, Verdegaia con Ecologistas en Acción, e o SGEP coa Fundación Cultura da Paz. Ademais representan as temáticas altermundistas máis xenuínas: ecoloxismo (ADEGA, Verdegaia), neointernacionalismo (Amarante Setem), movemento campesiño e consumo responsable (Amarante Setem, Sindicato Labrego Galego e Verdegaia), educación en valores e pacifismo (Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza –STEG-, Seminario Galego de Educación para a Paz —SGEP).

Amarante Setem
Sindicato Labrego Galego - Comisións Labregas (SLG)
Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza (STEG)
ADEGA (Asociación para a defensa ecolóxica de Galiza)
Verdegaia
Seminario Galego de Educación para a Paz (SGEP)

Estas seis organización (Amarante Setem, SLG, STEG, ADEGA, Verdegaia e SGEP) xunto coas centrais sindicais (CIG, CCOO e UGT), Veterinarios Sen Fronteiras e a Coordinadora Galega de ONGD van ser ademais os que acheguen a masa crítica para o movemento altermundista e sen as cales, ademais da Fundación Galiza Sempre (con Xosé Manuel Beiras á fronte) e Altermundo (con Manoel Santos) como facilitadores de recursos de ideas e de información non se podería levar adiante o FSGal.

2. TEMPORALIDADE, ESPACIALIDADE E MASA CRÍTICA

Realmente son influentes os movementos sociais na súa contorna social? Teñen capacidade de incidencia nas institucións? Se queremos saber da influencia social e da incidencia institucional dos movementos sociais galegos, e polo tanto, da súa capacidade de provocar episodios disruptivos, imos ter que ter en conta, por unha banda, a súa dimensión temporal e espacial e, por outra, o seu músculo, a masa crítica que os conforma ou que sintoniza con eles.

2.1. Temporalidade e espacialidade

Se temos en conta os 98 colectivos e/ou organizacións (dous non son clasificables) que participan durante a década 2002-2012 en máis dunha rede ou alianza atendendo a súa temporalidade, vemos que nos encontramos diante dun asociacionismo moi recente. Só 4 colectivos teñen unha antigüidade histórica, previa á década de 1970. 28 foron creados na década de 1970-80, polo que están determinados polos esquemas de ese período de construción do modelo democrático saído da Transición. E 64 foron entidades constituídas durante a década dos 90 e a primeira década do presente século.

O feito de que soamente un 4% dos movementos sociais teñan unha antigüidade maior aos 30 anos, ou que un 67% teñan unha constitución recente vai ter moito que ver coa debilidade previa a este século do tecido social e que moito foi desenvolvéndose a raíz da madurez cívica e a independencia con respecto aos partidos políticos que actuaban como unha auténtica represa que freaba a súa evolución. Á vez, debúxanos un perfil de organizacións sen traxectoria, con posibilidades de non superar o ciclo dos seus fundadores e as súas primeiras contradicións, e sobre todo cun impacto e influencia menor (*Ver Gráfica III*).

En todo caso estamos claramente diante dun movemento que se constitúe á calor do período de globalización e dos paradigmas do movemento altermundista.



O segundo aspecto que debemos ter en conta é o da espacialidade. Para iso imos comparar a gráfica radial que representa o ámbito do conxunto das 519 organizacións sociais participantes nas diferentes redes e a gráfica radial que representa o ámbito das 96 organizacións do SMO (Social Movement Organization).

No primeiro grupo, conxunto das 519 organizacións, o deseño representa un triangulo cunha base estendéndose cara ao ámbito autonómico e unha altura preponderante do ámbito local, e sen desenvolvemento do ámbito estatal e de organizacións transnacionais, no acrónimo en ingles, TMSO —Transnational Social Movement Organizations— (340 organizacións dun total de 519).

No segundo grupo, 96 organizacións participantes en redes, o deseño temos un poliedro con partes pouco desenvolvidas no ámbito estatal e TMSO, algo máis desenvolvido no local e autonómico, sendo este último algo máis preponderante (46 organizacións de carácter autonómico, 31 locais, 13 estatal e 6 de TMSO)

Se o movemento asociativo, en xeral, é de carácter nitidamente local, cando abordamos as organizacións que conforman o SMO, aquelas que participan en máis de unha rede na década, son as autonómicas as máis presentes. Isto significa que temos un SMO autocentrado en Galicia e cunha dinámica propia fronte ás organizacións con dinámicas externas, ben sexan estatais ou internacionais (*Ver Gráfica IV*).





2.2. Capacidade de Influencia e Incidencia

Atendamos agora ao terceiro baremo, a masa crítica. Imos dividir as organizacións en catro categorías: de contorno (de ámbito local con menos de 50 membros ou beneficiarios); de influencia (de carácter local ou autonómico con entre 50 e 350 membros ou beneficiarios); de incidencia (de carácter autonómico ou de carácter estatal ou internacional con máis 350 membros ou beneficiarios) e redes corporativas (con máxima influencia e incidencia e cunha masa crítica máis numerosa).

34 organizacións (35%) serian de contorno, 36 de influencia (37%), 14 de incidencia (15%), e 12 son redes máis amplas (12%) *(Ver Gráfica V)*.



Estes datos dannos unha radiografía duns movementos sociais con algo de influencia pero escasa incidencia política agás en momentos puntuais de grande axitación política e mobilización, como xa vimos. A excesiva fragmentación dos movementos sociais con escaso número de membros, cun grao importante de minifundismo e con moita incapacidade de definir estratexias comúns ou alianzas estables, por unha banda, e, por outra, movementos estatais e/ou internacionais moi tensionados en función das súas dinámicas externas. Van ser precisamente nas redes corporativas e nas organización de incidencia nas que se vai sustentar o núcleo estable do tramado de redes sucesivas da década.

3. PARÁMETROS DA EVOLUCIÓN ORGANIZACIONAL

Á hora de abordar os parámetros da evolución organizacional dos colectivos sociais galegos, tanto no conxunto dos participantes en algunha rede, como nos que se refire ao SMO, atendemos a dous aspectos centrais: a súa infraestrutura de mobilidade e o seu paradigma.

3.1. Infraestrutura de mobilidade dos movementos sociais galegos

Nos dous casos son colectivos de mobilización social os máis presentes, aínda que no conxunto de colectivos representan un 38% do total (200) e nos SMO esa cifra chega ata o 60% (57), entendible ao tratarse neste segundo caso de colectivos de activismo social e de protesta. As categorías de servizo e representación política teñen unha dimensión parecida, no conxunto, 26% e 12% respectivamente, (135 e 64) e nos SMO, 19% e 19% respectivamente (18 en ambos os dous casos). Para os colectivos de autoaxuda no conxunto representan un importante 24% (un total de 41 colectivos), mentres que no SMO esta cifra se reduce a unha case presenza marxinal do 2% (2 colectivos soamente) *(Ver Gráfica VI)*.

Temos, pois, un conxunto de colectivos sociais divididos por igual entre a mobilización social, o servizo e a autoaxuda; e, pola contra, un SMO envorcado fundamentalmente na mobilización social (estamos a analizar unha época de múltiples e masivas mobilizacións onde, en moitos casos como en Nunca Máis, Non a Guerra ou GNSV, o protagonismo foi da sociedade civil. E, á súa vez, temos unha cifra importante no SMO de colectivos de servizos, ligados á rede de financiamento público que medrou durante esa década en Galicia, e de representación política, moi en consonancia co perfil altermundista e politizado (nalgúns casos ideoloxizado, como teremos ocasión de ver) do movemento.

Gráfica VI: infraestructura





3.2. Paradigmas dos movementos sociais galegos

No caso dos paradigmas a silueta do conxunto e do SMO é moi similar. Hai un predominio claro en ambos os caso de organizacións instrumentais, 81% e 72% respectivamente (420 e 69 colectivos). A cifra de organizacións que se moven na contraculturalidade descende a 14% e 21% se se trata do conxunto ou dos SMO (71 e 20 colectivos). Sendo as cifras de subculturais reducidas, 5% no conxunto e 7% nos SMO (28 e 7 colectivos) *(Ver gráfica VII)*.

A presenza de colectivos contraculturais ten que ver con modelos de vida e de consumo, pero tamén coa presenza de colectivos independentistas.

A ausencia de colectivos subculturais ten moito que ver coa debilidade en Galicia de entidades que se moven nese paradigma, pero tamén coa desconfianza que ese tipo de colectivos teñen co traballo en redes ás que acusan, non sen motivos na maioría dos casos, de estar instrumentalizadas partidarias ou ideoloxicamente.



Gráfica VII: paradigmas



4. CUALIFICACIÓN E VARIEDADE DAS ESTRUTURAS DE MOBILIZACIÓN

A análise da variedade das estruturas de mobilización das organizacións sociais galegas vai permitirnos ter unha idea clara do seu grao da articulación orgánica (formal *versus* informal, profesionalismo *versus* autoxestión) e das súas prioridades con respecto aos marcos interpretativos nos que se moven (temáticas, ideoloxías).

4.1. Tipoloxías das organizacións sociais galegas

O contraste entre as tipoloxías das organizacións sociais galegas se atendemos ao conxunto (519) e se atendemos soamente ao grupo que conforma o SMO (96) é enorme.

No primeiro grupo hai un predominio claro das organizacións de carácter Informal/Non Profesional (De Participación) que son 263 (un 51% do total) mentres que no segundo grupo o predominio é de organizacións de carácter Formal/ Profesional, un total de 63 (o 66%).

A continuación, no caso do conxunto, situase o grupo Formal/Profesional con 212 (41%) e no caso do SMO o grupo Informal/Non Profesional (De Participación) que suman 32 organizacións (un 33%).

En ambos os dous casos o grupo de Informal/Non Profesional (De Base) representan un 8% no conxunto (44 organizacións) e un escaso 1% nos SMO (1 organización), o cal indica a práctica non existencia no movemento altermundista, nin nas redes movementistas, de grupos autoxestionarios ou de ideoloxía alternativa *(Ver Gráfica VIII)*.

O alto nivel de organizacións Formais/Profesionais no grupo dos SMO con respecto ao conxunto (66% fronte ao 41%) amosa que só desde unha certa estrutura planificada e cunha capacidade de recursos económicos cuantiosos é posible manter unha mínima estrutura permanente en rede.

Na maioría dos casos, estes recursos están ligados a fondos públicos polo cal, como se verá posteriormente, a crise iniciada en 2008 e plasmada nos orzamentos de 2009 nas diversas partidas dedicadas a subvencións a programas para asociacionismo son un motivo máis do declive de moitas das organizacións activas ata ese momento.

Cando no capitulo "Crise sistémica e futuro incierto do FSGal" afondemos na crise movementista e a fin do FSGal, aparecera con forza a debilidade organizativa do tecido asociativo galego.

Gráfica VIII: tipoloxías





4.2. Area temática e/ou Ideolóxica das organizacións sociais galegas

En función da temática usaremos unha clasificación que permita abordar as temáticas e subtemáticas centrais nos novos movementos sociais atendendo ao seu campo de intervención político-social ou, no seu caso, a súa finalidade ideolóxica.

Á hora de contemplar as temáticas seguimos como exemplo o estudo realizado por Della Porta sobre o Foro Social de Florencia [Della Porta 2010], adaptándoo coas peculiaridades do movemento social galego.

Observamos que as temáticas e/ou subtemáticas do conxunto das organizacións sociais presentes nalgunha das redes durante a década 2002-2012 corresponde a unha configuración clásica do repertorio presente. Así as organizacións culturais, 122 (fundamentalmente as de subtemática de asociación cultural cun total de 77); as laborais, 78 (sobre todo empresariais con 37 e sindicais con 23) son as máis representadas e configuran xunto coas outras de sectores clásicos: dereitos sociais (25), veciñais (28), comunidade escolar (28) e deportivas (18) a base das temáticas moi condicionadas pola existencia de Nunca Máis que activou na protesta a sectores dificilmente mobilizables noutras contendas. Por iso Nunca Máis como movemento ten un carácter nacional dificilmente repetible.

Tamén no conxunto hai unha presenza de novos movementos sociais ata hai unha década inexistentes en Galicia: medio ambiente (59), sen dúbida sobredimensionado polas agresións continuas á Terra que se produciron en diferentes puntos de

Galicia, empezando polo *Prestige* e continuando por outros conflitos de carácter local; cooperación internacional (28); mulleres e feminismo (13); pacifismo e non-violencia (4).

Das novísimas axendas algunhas tiveron unha maior implantación: dereitos civís e nova cidadanía (30) que gardan relación coas carencias democráticas do modelo español e a esixencia de novos parámetros democráticos expresados no 15-M; e consumo responsable (25) que están relacionados cun traballo de concienciación en rede entre colectivos neointernacionalistas e de comercio xusto, ecoloxistas e produtores (SLG).

Outras novísimas axendas non acaban de ter o impacto necesario nas redes: liberación animal-naturalistas (6), dereitos sexuais (LGTBI) (1); ou minorías e interculturalidade (5).

Existe un grupo importante de organizacións con temáticas ideolóxicas nada desprezable (25) ao que hai que sumar a presenza de organizacións partidarias nas redes (19) que determinan un movemento moi ideoloxizado cunha presenza activa de colectivos independentistas (*Ver Cadro I)*.

Pola contra, se non cinguimos ao SMO son as temáticas de novos movementos sociais e as novísimas axendas as que comparten protagonismo en detrimento do repertorio temático máis clásico que practicamente desaparece agás o laboral (12) e o cultural (13).

Medio ambiente (17) e cooperación internacional (13) son referencias moi presentes nas organizacións constantes nas redes, igual que nas novísimas axendas o son consumo responsable (10).

No grupo de organizacións permanentes nas redes (SMO) increméntase de forma considerable a porcentaxe de grupos de consumo responsable, medio ambiente e cooperación internacional con respecto ao grupo do conxunto de organizacións; mentres que se reducen a presenza porcentual de grupos culturais e laborais *(Ver Gráfica IX)*.

Mantense, e mesmo se reforza, a presenza de partidos de ruptura e de organizacións con temáticas ideolóxicas (novamente maioritariamente independentistas aínda que esa presenza se reduce entre os activistas participantes.

Cadro I: temáticas	Totalidade		Redex2	
	temática	subtemática	temática	subtemática
Dereitos Civís e Nova Cidadanía (DC/NC):	30		5	
Dereitos Civís (DC)		20		5
Novísimos Movementos Sociais (NMS)		10		0
Cooperación Internacional (CI):	28		13	
Solidariedade (SOL)		10		5
Neointernacionalismo (NI)		18		8
Minorías e Interculturalidade (IC)	5	5	1	1
Medio Ambiente (MA):	59		17	
Ecoloxismo-Ambientalismo (ECO)		25		10
Plataformas Defensa da Terra (DT)		28		6
Comunidades Montes (CM)		6		1
Liberación Animal-Naturalistas (LAN)	6	6	1	1
Consumo Responsable (CR)	25	25	10	10
Dereitos Sociais (DS)	25	25	3	3
Veciñal (AAVV)	28	28	1	1
Comunidade Escolar (ANPA)	28	28	2	2
Cultural (CUL):	122		13	
Asociacións Culturais (AC)		77		4
Asociacións de Memoria Histórica (MH)		17		4
Defensa patrimonial e antropolóxica (ANT)		7		0
Gabinetes de Estudo-Think Tank (TT)		11		3
Normalización Linguistica (LING)		10		2
Mocidade (MOC)	5	5	0	0
Deportivos (DPT)	18	18	0	0
Mulleres e Feminismo (FEM)	13	13	3	3
Dereitos Sexuais (LGTBI)	1	1	0	0
Pacifismo e Non Violencia (PAZ)	4	4	1	1
Laboral (LAB):	78		12	
Asociación de Empresarios (AE)		37		1
Asociación de Traballadores (AT)		23		6
Asociación de Labregos (AL)		4		2
Colexios e Asociación Profesionais (CP)		14		3
Ideolóxicas (IDE):	25		7	
Libertaria (IDE-AL)		4		0
Independentista (IDE-GZ)		11		5
Esquerda (IDE-ESQ)		5		1
Teoloxía da Liberación (IDE-TL)		5		1
Organización Partidarias (PT)	19	19	7	7
Sen Clasificar / Sen Datos (SC/SD):	41		2	
Empresas (EMP)		24		1
Institucións (INS)		11		1
Sen Información (SD/SI)		6		0
TOTAL	560	560	98	98



Gráfica IX: tipoloxías comparadas

ANEXOS

ORGANIZACIÓNS E REDES (MOVEMENTOS SOCIAIS 2002/2012)

- **Nunca Máis**

Composta por (366):

A Macuca de Pontedeume, A Maía Negra, A Mesa pola Normalización Lingüística, ADEGA (Asociación para a defensa ecolóxica de Galiza), ADENCO, Adiante Soneira, Agrupación Cultural Alexandre Bóveda, Agrupación de Asociacións de Veciños da Zona Rural de Narón, Agrupación de Bateeiros de Cabo de Cruz, Agrupación de Expertos en Peritación Xudicial en Materia de Seguros, Agrupación de Libreiros de Santiago, Agrupación de Percebeiros de Muxía, Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Baixo Miño, ALCER de Lugo, AMARANTE Setem, Amigos da Terra, Antigo Gremio de Mareantes, Asemblea de Mulleres de Pontevedra, Asemblea de Traballadores do Concello de Allariz, Asemblea do Suído, Asemblea Republicana Amig@s da República de Vigo, Asembleia de Resistencia e Solidariedade Global da Coruña (ARSGAC), Asociación Alento de Dano Cerebral de Vigo, Asociación Andoriña, Asociación Aurora, Asociación Avelaíña de Enfermedade Mental, Asociación Boirense de Empresarios, Asociación Casa Encantada, Asociación Comercial Zona Monumental de Pontevedra, Asociación Contra o Cancro de Ponteceso, Asociación Costa da Vida, Asociación Cultural A Miserela, Asociación Cultural A Pomba do Arco de Foz, Asociación Cultural A Terra Brava, Asociación Cultural Alto Minho de Lugo, Asociación Cultural Ánxel Casal, Asociación Cultural Arrincadeira de Riotorto, Asociación Cultural As Lagoas, Asociación Cultural Buril de Burela, Asociación Cultural Colectivo Camiños, Asociación Cultural Daniel Calzado, Asociación Cultural de Lago - Xove, Asociación Cultural e de Tradicións Mariñeiras Gamela de Cabo de Cruz, Asociación Cultural e Deportiva San Andrés de Xinzo de Limia, Asociación Cultural Eliseo Alonso, Asociación Cultural Faro Roncudo de Corme, Asociación Cultural Felicia de Limodre, Asociación Cultural Francisco Lanza de Ribadeo, Asociación Cultural Fundación Xan de Arzúa, Asociación Cultural Lumieira, Asociación Cultural Maio Longo de Pontevedra, Asociación Cultural María Castaña de Lugo, Asociación Cultural Mistura Teis, Asociación Cultural O Caracol de Pascal, Asociación Cultural O Espertello, Asociación Cultural O Galo de Santiago, Asociación Cultural Osorio Guterres de Lourenzá, Asociación Cultural Penas e Rodas de Outeiro de Rei, Asociación Cultural Pola Esquerda, Asociación Cultural Santa María de Torás, Asociación Cultural Sementeira de Viveiro, Asociación Cultural Seminario Terras de Viveiro, Asociación Cultural Tartarés de Narón, Asociación Cultural Valle-Inclán de Lugo, Asociación Cultural Xeitura, Asociación Cultural Xieiro do Baixo Miño, Asociación Cultural Zaloira, Asociación Currículum Vitae, Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia (AADTG), Asociación de Amas de Casa de Baio, Asociación de Amas de Casa de Fene, Asociación de Amigos da República de Ourense, Asociación de Amizade Galego-Cubana Francisco Villamil, Asociación de Atención á

